INFORME DE FIRMA, no sustituye al documento original| C.S.V. : GEN-1d2f-0ac4-40d3-a130-785c-8d98-156e-847f | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección: https://run.gob.es/hsb0d8bw6q

Resolución reitoral de aceptación da renuncia e concesión dunha bolsa do "Programa de prácticas académicas en iniciativas empresariais emerxentes", no curso 2025/2026, da Universidade de Vigo.

Recibida a solicitude de renuncia de Laura García Lampón, beneficiaria dunha bolsa para o "Programa de prácticas académicas en iniciativas empresariais emerxentes" da Universidade de Vigo (07/07/2026) e existindo persoas candidatas na lista de agarda,

Visto o punto 9 da Resolución reitoral de 7 de xullo de 2026 pola que se convocan as bolsas para o "Programa de prácticas académicas en iniciativas empresariais emerxentes",

Esta Reitoría Resolve:

1. Aceptar a renuncia de Laura García Lampón, coa correspondente perda de dereitos de cobro, con efectos administrativos do 10 de xullo de 2026.

2. Conceder a Sara Crespo Sotelo como persoa bolseira con efectos económicos e administrativos do 15 de xullo de 2026, de acordo coa Resolución reitoral de 7 de xullo de 2026.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do dia seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica

A reitora
Por delegación RR 02/07/2026 (DOG 08/07/2026)
A vicerreitora de Estudantes e Vida Universitaria
María Dolores González Álvarez

CSV : GEN-1d2f-0ac4-40d3-a130-785c-8d98-156e-847f
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://run.gob.es/hsb0d8bw6q
FIRMANTE(1) : MARÍA DOLORES GONZÁLEZ ÁLVAREZ | FECHA : 27/07/2026 13:52 | NOTAS : F